




Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICA A LISTAXE DEFINITIVA DE SOLICITUDES SELECCIONADAS DA CONVOCATORIA DE BOLSAS ERASMUS + KA171 PARA O ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO CON TERCEIROS PAÍSES NON ASOCIADOS AO PROGRAMA PARA O CURSO 2024-2025

O 3 de outubro de 2024 publicouse a resolución reitoral pola que se convocaban bolsas Erasmus + KA171 para o estudantado da Universidade de Vigo con terceiros países non asociados ao programa para o curso 2024-2025.

O 25 de novembro de 2024 publicáronse as listaxes definitivas de solicitudes admitidas e excluídas. De acordo co previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e despois de rematar o prazo de presentación de emendas, esta reitoría

RESOLVE:

1. Publicar a listaxe definitiva de solicitudes seleccionadas no anexo I. Non hai persoas candidatas en lista de agarda.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O Reitor

Por delegación R.R. 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Internacionalización

M^a Isabel del Pozo Triviño